B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.

BLOQUE 2. NÚMEROS

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. (tablas do 1,2,5,10) MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

BLOQUE 3. MEDIDA

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
------------------------	---------------------------



MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude
B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.

Plástica

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.)	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.
B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais
B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.
B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.



BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe

Valores sociais e cívicos

BLOQUE 1. A IDENTIDADE E DIGNIDADE DA PERSOA

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidade	VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.
B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común	VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.

BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións
B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas	VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais	VSCB3.4.2. escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo



Procedemento de avaliación

O curso presencial dase por finalizado no 2º trimestre, pero o 3º trimestre pode influir de xeito positivo de cara á cualificación.

Nas cualificacións terá máis peso as do 1º e 2º trimestre e no terceiro o traballo realizado tera sido en conta de xeito positivo e para recuperar as competencias e estándares, que non foron acadados anteriormente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Os instrumentos de avaliación que utilizarei son os seguintes:**

- Observación directa.
- Traballo diario.
- Fichas.
- Cadernos de clase.
- Pequenos controis da evolución do alumno e alumna. (avaliación continua)
- Asistencia e comportamento.

- **Os criterios de cualificación son:**

- Remata as tarefas
- Actitude ante o traballo.
- Limpeza na presentación dos traballos.
- Participación en clase.
- Comportamento.
- Coidado do material.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN)

A prioridade será a de garantir a atención e o contacto co alumnado, que nos permita continuar co proceso de aprendizaxe de forma telemática, establecendo unha rutina e hábito de traballo. Para favorecer esta comunicación usaranse grupos de whatsapp, correo electrónico e foros da aula virtual.

Tendo en conta que o centro garantiu a conectividade de todo o alumnado, a ferramenta utilizada como soporte para as actividades a levar a cabo no terceiro trimestre, será a Aula Virtual.

As actividades serán globalizadas e competenciais, e terán a finalidade de reforzar os contidos e aprendizaxes acadados durante o primeiro e o segundo trimestre, así como de ampliación de contidos traballados no primeiro curso de primaria (no caso das linguas e das ciencias).

Cabe destacar que na área de matemáticas, se ben se ampliarán contidos relacionados coa multiplicación (que se iniciara no segundo trimestre), quedará pendente para o vindeiro curso o relacionado coa aproximación ao concepto da división.

As actividades terán diversos formatos, a maioría delas recursos audiovisuais interactivos (presentacións, videos educativos, xogos e fichas interactivas, solucionarios en pdf), algúns existentes na rede e outros de elaboración propia, co fin de ofrecer unhas propostas máis



personalizadas e motivadoras ao alumnado.

Algunhas desas ferramentas utilizadas para a creación de actividades son Kahoot, EdiLim, Liveworksheets, xerador de actividades da Aula Virtual,... Nalgúns casos tamén se continuará con actividades que se podan realizar nos libros de texto (material funxible).

Favorecerase a entrega destas actividades a través do whatsapp, correo electrónico, buzóns de entrega de fichas interactivas, aula virtual,... co fin de levar un rexistro e facer unha valoración positiva.

As actividades que supoñan un avance non serán avaliadas, e o resto serán tidas en conta de xeito positivo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"

R/ López Cortón s/n - Tfño.: 881 930091

15350 - CEDEIRA (A CORUÑA). ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/>



Adaptación da programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e estándares de aprendizaxes esixibles para o seguinte nivel educativo:

3º Educación Primaria

Ciencias da natureza

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coitado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
Non se avaliaron	Non se avaliaron

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
Non se avaliaron	Non se avaliaron

Ciencias sociais

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS



Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunhas das súas características básicas empregando as TIC.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunhas das súas características principais.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para prever danos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar as distintas formas de representar a su- 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representa-



perficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	ción da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.6.1. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.
<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.
<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.
<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
<ul style="list-style-type: none"> B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.
<ul style="list-style-type: none"> B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.15.1. Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.15.2. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.



	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.
--	---

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
Non se avaliaron	Non se avaliaron

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
Non se avaliaron	Non se avaliaron

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
Non se avaliaron	Non se avaliaron

Lingua galega e literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.2. Identifica <i>quen, que e onde</i> nunha noticia.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.3. Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa



	comprensión.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.4. Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.3. Aмосa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Aмосa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Usa, de forma xeral, unha linguaxe non



discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	sexista.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Comparar textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.1. Compara textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega.
<ul style="list-style-type: none"> B1.12. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.12.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.12.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.4. Interpreta, personificacións e hipérboles en textos sinxelos.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.6. Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Deducer, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da infor- 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da in-



mación para obter información e modelos para a lectura.	formación para obter información e modelos para a lectura.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.5.2. Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.2. Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ter interese por ter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.8.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos. ▪ LGB3.6.2. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cinguirse a elas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer e empregar conectores básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.6.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.7.1. Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.8.1. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

Crterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e



en diferentes soportes.	literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

Lingua castelá e literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> Diálogos Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da infor-



	mación e da comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe.
-------------------------	----------------------------



<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflexionando as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.3. Elabora glosarios coas novas palabras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.3. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.4.1. Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.4.2. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula.
<p>esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. • B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. • B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. • VSCB1.4.3 Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. • VSCB1.5.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación. • VSCB1.5.2. Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. • VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. • VSCB1.6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais. • VSCB1.6.3. Define e formula claramente problemas de convivencia. • VSCB1.7.1. Sopesa as consecuencias das súas accións. • VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
---	--

BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> • VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións. • VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. • VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. • VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos. • VSCB2.2.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.



<ul style="list-style-type: none">• B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. • B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. • B2.4. Empregar a aserción. • B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. • B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. • B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. • B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. • VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.3.2. Amosa interese polos seus interlocutores. • VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva. • VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. • VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. • VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas. • VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.<ul style="list-style-type: none">• VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
---	---

**BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS**

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. • B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. • B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. • B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. • B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen. • B3.6. Comprender a correlación entre 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. • VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais. • VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. • VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva. • VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. • VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. • VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta. <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito. • VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia. <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda. <ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.5.3. Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas. • VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.



<p>dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación. • B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias. • B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> • VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia. • VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo. • VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. • VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación. • VSCB3.8.1. Amonesta polo interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. • VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais. • VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos. • VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. • VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. • VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.
--	--

Aprender a investigar

BLOQUE 1. A BIBLIOTECA, PUNTO DE ACCESO Á CULTURA IMPRESA DIXITAL

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	B1.1.1- Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información. B1.1.2-Utiliza a biblioteca do centro na



<p>B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.</p> <p>B1.3. Recoñecer e diferenciar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.</p> <p>B1.4- Utilizar estratexias para a procura de recursos impresos.</p> <p>B1.5. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.</p> <p>B1.6. Recoñecer os dereitos de autoría.</p>	<p>procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.</p> <p>B1.2.1- Utiliza a Biblioteca municipal e coñece as súas normas de funcionamento, así como outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.</p> <p>B1.3.1- Identificar as distintas formas en que pode aparecer a información.</p> <p>B1.3.2- Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.</p> <p>B1.3.3- Propón a fonte mais axeitada para dar resposta a unha necesidade informativa concreta.</p> <p>B1.4.1- Recoñece e relaciona as cores da CDU coas materias e memoriza aqueles de uso mais frecuente.</p> <p>B1.4.2- Utiliza de forma automática o Catálogo para conceptos básicos: autor, título, materia, colección.</p> <p>B1.4.3- Identifica o tema dun libro a partir do sumario (documento impreso)</p> <p>B1.4.4-Manexa índices analíticos e glosarios.</p> <p>B1.4.5-Localiza información nos atlas , utilizando o índice.</p> <p>B1.5.1-Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.</p> <p>B1.6.1- Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.</p> <p>B1.6.2-Recoñece e cita as mención de autor/a, ilustrador/a, editor/al... e as distintas fontes de información utilizadas.</p>
---	--

BLOQUE 2. FONTES INFORMATIVAS. LOCALIZACIÓN E SELECCIÓN

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	B2.1.1-Localiza nun plano da BE as diferentes zonas de traballo, e de colocación do material.



<p>B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca, nos campos de materia, autor/a, editorial e colección.</p> <p>B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.</p> <p>B.2.5- Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.</p> <p>B2.6. Coñecer os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.</p> <p>B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.</p>	<p>B2.1.2- Recoñecer a información que aporta o tejuelo a etiqueta</p> <p>B2.1.3- Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos e os relaciona cos temas e propostas de traballo requiridas.</p> <p>B2.1.4-Recupera e localiza nos andeis da biblioteca facilmente os documentos que precisa.</p> <p>B2.2.1-Realiza procuras no catálogo por autor/ a, título ou materia.</p> <p>B.2.4.1-Consulta documentos en internet, previamente seleccionados polo profesorado, que apoiem a súa aprendizaxe.</p> <p>B.2.5.1-Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.</p> <p>B.2.6.1-Aporta textos,e información nas webs creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc,... e baixo a supervisión do profesorado etc.</p> <p>B.2.9.1-Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia,Galipedia, , etc.</p>
---	--

BLOQUE 3. ORGANIZARSE PARA INVESTIGAR

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación</p> <p>B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.</p>	<p>B.3.1.1-Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.</p> <p>B.3.3.1-Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.</p> <p>B.3.3.2-Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.</p>



B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	B.3.3.3-Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.
---	--

BLOQUE 4. PROCURA E TRATAMENTO DE INFORMACIÓN

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.</p> <p>B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía previamente seleccionados polo profesorado.</p> <p>B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, caducidade, inmediatez, etc.</p> <p>B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.</p> <p>B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final.</p>	<p>B4.1.1-Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.</p> <p>B4.1.2- Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.</p> <p>B4.2.1-Comprende de forma global e sabe extraer as ideas principais.</p> <p>B4.3.1- Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (autoría e autoridade, actualidade da información).</p> <p>B4.4.1-Sintetiza de forma guiada a información atopada en función dos obxectivos do traballo.</p> <p>B4.5.1-Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.</p>

BLOQUE 5. XERACIÓN DE CONTIDOS E COMUNICACIÓN

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.</p> <p>B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.</p> <p>B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a</p>	<p>B5.1.1-Realiza de xeito guiado esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.</p> <p>B5.3.1-Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida, seguindo modelos.</p> <p>B5.4.1-Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación,</p>



<p>elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.</p>	<p>índice, bibliografía, etc. B5.4.2- Elabora textos propios mediante un procesador de textos.</p>
<p>B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.</p>	<p>B.5.5.1- Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. B.5.5.2-Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.</p>
<p>B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.</p>	<p>B.5.7.1-Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.</p>
<p>B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)</p>	<p>B5.8.1-Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.</p>
<p>B.5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guiión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).</p>	<p>B5.9.1-Participa na presentación oral dos traballos elaborados. B5.9.2-Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo. B5.9.3- Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.</p>
<p>B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.</p>	<p>B5.10.1-Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. B5.10.2-Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. B5.10.3- Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas. B5.10.4- Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.</p>

Procedemento de avaliación

Os procedementos de avaliación nunha situación na que o alumnado non está á nosa vista nin baixo a nosa supervisión complícanse.

Todo procedemento que se baseara na observación sistemática, quedou anulado, salvo naqueles casos en que as familias mandan un vídeo do proceso dalgunha actividade (que temos que afirmar que si temos algún caso, pero que non son os máis abundantes).

Os procedementos máis usados son os intercambios orais, as análises das súas producións e as probas específicas.

O procedemento de cálculo da nota final será:

Cálculo da media da 1ª e 2ª avaliación + (valoración positiva do traballo realizado na 3ª avaliación)= nota final

Esta nota aparecerá no apartado de nota final, quedando sen cubrir a nota da 3ª avaliación no boletín de cualificacións.

Instrumentos de avaliación

Agora cobran forza instrumentos como probas con kahoot ..., pequenas tarefas para entregar a través da aula virtual, correo electrónico ou WhatsApp.

As dúbidas do alumnado resólvense a través de diversos medios como conversa telefónica, foro da aula virtual, fotos ou vídeos enviados a través de WhatsApp, correo electrónico ou a propia aula virtual.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e ampliación)

A metodoloxía usada dende o 13 de marzo de 2020, intre no que se instaura o estado de alarma, ten como obxectivo primordial asegurar a capacidade de establecer un contacto co noso alumnado que nos permita continuar co proceso de ensino-aprendizaxe de forma telemática.

Para levar a cabo esta actuación utilizamos o noso material particular: teléfonos móbiles, ordenadores e conexión wifi.

A través da APP Abalar Móbil informamos ao alumnado do inicio das clases de maneira online. A meirande parte do mesmo confirmou a súa dispoñibilidade para seguir as clases a través da aula virtual. Todo aquel que non tiña ordenador nin conexión foi dotado deses servizos en colaboración co Concello.

O certo é que a metodoloxía non é a desexada, pois aínda que poñemos moitas horas para gravar vídeos, subir material de creación propia, fichas interactivas, xogos e multitude de propostas para reforzar os estándares traballados ata o 2º trimestre e reforzar ao alumnado que ten materias suspensas; está claro que nada disto pode substituír ás aulas cunha mestra/e.

A única maneira que atopamos de suplir, en certa medida, esta falta é a través de chamadas telefónicas individuais, conversas virtuais conxuntas (co único fin de que se vexan e se sintan un grupo), seguimento individualizado e telefónico para esa parte do alumnado que ten dificultades na adquisición ou proceso de algún contido concreto.



Temos moi presentes a brecha dixital do noso alumnado e das familias que se ven na situación de ter que axudalos. É algo no que teremos que incidir e que xa imos solventando día a día coas nosas familias, para achegar eses reforzos que veñen dados por moito material subido a programas como: calameo, kahoots, lim... que crean dificultades de uso, pero que serán quen de superar.

As prioridades son a creación escrita gardando: ortografía traballada, caligrafía, cohesión no texto... tanto en galego como en castelán. Repaso das operacións básicas e reforzo na resolución de problemas. Actividades de desconexión con materias como plástica, valores... para relaxar ou afondar nas súas emocións, no que está a acontecer, como se senten... Apoio coas propostas da Biblioteca Escolar Carlos Labraña.

En xeral, acompañamento do alumnado e das familias nunha situación extraordinaria para todos no que o primordial é a saúde. Nisto a escola ten que contribuír, proporcionando unha rutina ao día a día do alumno, establecendo pautas e materiais que permitan garantir o dereito ao estudo.

Todo o alumnado ten un seguimento individual. Para aqueles con necesidades educativas temos en conta os seus programas de reforzo e no caso das A.C.I., seguimos os pasos marcados na mesma en colaboración cos especialistas do DO do centro.

Tanto nun caso como noutros teremos en conta a avaliación ata o 12 de marzo. Valoraremos positivamente o traballo realizado polas nenas e os nenos no 3º trimestre. Pretendendo favorecer sempre ao noso alumnado.

Así mesmo, no curso 2020/2021 aplicaranse as medidas necesarias para a recuperación deses estándares non traballados no 3º trimestre.

As titoras Ana Isabel Rodríguez Rodríguez, M^a Cristina Bouzamayor Bustabad e María Dulcnombre Carro Etchepare.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "NICOLÁS DEL RÍO"
R/ López Cortón s/n - Tfño.: 881 930091
15350 - CEDEIRA (A CORUÑA), ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnicolasrio/>





Adaptación programación Educación Primaria

Tendo en conta o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación* para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 establécense os seguintes criterios de avaliacións e estándares de aprendizaxe para o seguinte nivel educativo:

5º Educación Primaria

Ciencias da natureza

BLOQUE 1.INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. ▪ B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. ▪ B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. ▪ CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. ▪ CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas ▪ CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistem ▪ CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. ▪ CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. ▪ CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. ▪ CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA



Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe

Ciencias Sociais

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	<ul style="list-style-type: none"> 1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. 	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
	CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e



	calcula os fusos horarios.
	•CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.
B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	•CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
•B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	•CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.
•B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	•CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.
	•CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.
•B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España.	• CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.
•B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	• CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.
	• CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.
•B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste
	• CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
• B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.	• CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución



	ten para o funcionamento do Estado español.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.5.1. Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.1. Describe os principais rasgos da poboación española.
	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.
<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.1. Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.
<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.9.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.



BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe

Lingua galega e literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.



	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Aposar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Aposar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Aposa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
<ul style="list-style-type: none"> B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dúbidas bastante evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.



<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Analizar textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.



	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA



Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.
<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Establecer relacións elementais entre as 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.9.2 Identifica diferenzas, regularidades e



diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado.	semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.
---	---

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Ler textos e obras n galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.2.2. Le en voz alta e en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.
<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.
<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

Lingua castelá e literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterio de evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.



	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.
